

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL
Núm. 37 (2014-2015), páxs. 477-482
ISSN: 1130-2682

**DERECHO DE SOCIEDADES COOPERATIVAS.
INTRODUCCIÓN, ESTATUTO DEL SOCIO
Y ÓRGANOS SOCIALES. LA LEY**

**VARGAS VASSEROT, CARLOS; GADEA SOLER,
ENRIQUE; SACRISTÁN BERGIA, FERNANDO**

MADRID, 2015, 1ª EDICIÓN. 434 PÁXINAS

XACOBO IZQUIERDO ALONSO¹

¹ Prof. TEU de Dereito Mercantil. Universidade de Vigo. Dirección de correo electrónico: jizqdo@uvigo.es.

O libro se presenta coma obra colectiva dos mencionados autores.

O Profesor Carlos Vargas Vasserot posúe unha salientábel traxectoria docente e investigadora. É catedrático acr. de Dereito Mercantil da Universidade de Almería, Lic. en Dereito mais CC. Económicas. Doutor en Dereito, tendo obtido coa súa tese o Premio Prof. J. Garrigues en Dereito de Seguros. Destaca a súa especialización no ámbito dos estudos cooperativos, acadando o “Premio Arco Iris del Cooperativismo” á mellor investigación cooperativa en dúas ocasións (XVI y XX edic.) mais o I Premio de Investigación dea Escola de Estudos Cooperativos.

Enrique Gadea Soler é Profesor Titular de Dereito Mercantil na Universidade de Deusto, na que obtivo o título de Doutor. É especialista en Dereito de sociedades e en Dereito concursal. Dentro do primeiro ámbito destacan as súas achegas en materia de Dereito cooperativo, acadando o “Premio Arco Iris del Cooperativismo” á mellor investigación cooperativa (XX edición). Ademais é Secretario da Asociación Internacional de Dereito Cooperativo, Coordinador do Grupo Internacional de investigación da mesma e director da Revista científica Deusto Estudios Cooperativos.

Fernando Sacristán Bergia é Profesor Titular de Dereito Mercantil da Universidade Rey Juan Carlos e Avogado. Doutor en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid. “Premio Arco Iris del Cooperativismo” á mellor investigación cooperativa (XX edición) e membro da Escola de Estudos Cooperativos. Ten numerosas publicacións en diversos ámbitos xurídicos relacionados co Dereito de sociedades, contratos bancarios e de distribución e concurso, salientando os relativos ao Dereito cooperativo.

En relación ao contido da obra obxecto desta recensión, estrutúrase en cinco capítulos que se corresponden coa temática referida no subtítulo da mesma.

No primeiro capítulo trátase do concepto, natureza, fontes e clases de cooperativas. É de agradecer o atopármonos unha presada de prantexamentos de necesaria formulación na actualidade nunha obra destas características; en especial a necesidade de non perder de vista que, se o obxecto da cooperativa é a realización dunha actividade económica, queda, xa que logo, submetida aos mesmos principios que calquera outra empresa e ao mercado no que terá, en definitiva, que desenvolver a dita actividade, competindo con outras empresas, o que leva aos autores a afinar na distinción entre cooperativismo e mutualismo.

Nesta primeira parte, trátase no primeiro lugar do concepto de cooperativa e dos principios cooperativos, achegándose a está temática dun xeito crítico, non dogmático e rigoroso na súa exposición e análise, relativizando o seu alcance, no entendimento de que o verdadeiramente importante é o saber se unha concreta

cooperativa obedece aos seus alicerces principais, abordando aquí dous fenómenos que se producen nesta realidade societaria: un, o das falsas cooperativas e, outro, o das cooperativas de feito, ensarillando os autores esta problemática con outra que é obxecto de atención nos últimos tempos: a responsabilidade social corporativa.

Deseguido, fan os autores unha exposición dos modelos cooperativos na lexislación comparada e na evolución do dereito positivo español. Salientable neste epígrafe a análise da problemática sobre a distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de cooperativas e a enguedellada situación lexislativa resultante. Dada a importancia de delimitar, por mor da fórmula constitucional, o concepto de *mercantilidade*, ponse o acento para a súa conceptualización nos criterios de economicidade da xestión e de mercado, desbotando a estes efectos o do *lucro*. O que, en definitiva leva á cooperativa ao rego do *mercantil*, ao ser, en definitiva, unha forma de organización propia do empresario. Polo demais a valoración que se fai en canto da orientación da maioría das (numerosas) leis de cooperativas españolas é a de consideralas ubicadas nun “modelo funcional moderado” sito entre o modelo defensor dos principios cooperativos, cun patrimonio colectivo irrepartible, e o modelo “economicista” mais dado a satisfacción das esixencias do mercado. É de grande interese tamén o repaso que se da ás iniciativas de simplificación lexislativa e impulso do microemprendimento cooperativo, sinalándose, entre outros importantes aspectos, a necesidade de facer leis cooperativas mais sinxelas fronte as actuais, farragosas por demais, o que, segundo os autores, traería causa do anxeo excesivo das administracións públicas por regulamentar e controlar estas sociedades.

Na terceira parte do capítulo que se comenta, desenvólvese unha esclarecedora análise do carácter societario das cooperativas e o seu ánimo de lucro, presentándose aquí o carácter mutualístico tradicional atribuído ás cooperativas coma un risco desbordado polas esixencias dun mercado cada vez mais competitivo no que a empresa cooperativa debe consolidarse en igualdade de condicións cas sociedades capitalistas. A problemática das clasificacións das cooperativas no ordenamento xurídico español abórdase dende a perspectiva que considera que a dita regulamentación contempla unha excesiva casuística e, incluso, ponse en certa maneira en cuestión a necesidade do establecemento dunha tipoloxía tan variada.

O segundo capítulo expón a temática relativa á constitución, estatutos e rexistro de cooperativas. No tratamento do proceso de constitución presenta as dinámicas de axilización do proceso constituinte encetado no ámbito das sociedades de capital, seguido en determinados tipos de cooperativas especiais, aínda que cun certo talante crítico ante o risco que supón a xeralización de formularios estándar que, dalgún xeito, obstaculizan a elaboración dunhas normas estatutarias da cooperativa afeitas ás necesidades concretas do caso. Outros puntos abordados neste capítulo son os canónicos relativos á escritura de constitución, estatutos sociais,

inscripción da escritura de constitución, sistema de publicidade legal, con especial atención a problemática prantexada pola existencia dunha multiplicidade de rexistros cooperativos autonómicos, para cuxo tratamento os autores formulan unhas posibles vías de actuación.

O estatuto xurídico do socio é obxecto de análise no terceiro capítulo da obra comentada. Organízase a materia en tres apartados: as clases de socios; os dereitos e obrigas dos socios e, finalmente, as normas de disciplina social. No apartado relativo aos dereitos e obrigas dos socios, salientamos a análise que se fai dos supostos nos que se permite o voto plural, así como o tratamento da discutida cuestión da extensión da responsabilidade do socio das cooperativas por perdas e, por outra parte, da responsabilidade por débedas sociais. Polo que respecta á obriga do socio de participar na actividade cooperativizada, decántanse os autores por entender que o tal deber de participación atinxe non só ás cooperativas de produción (nas que resulta nítida polo demais), senón a outras cooperativas, coma ás de consumo ou ás de comercialización de produtos dos socios. En canto á parte das normas de disciplina social, ao se deter na análise da sanción dos dereitos sociais, chaman a atención os autores sobor da existencia de dúas tendenzas claramente diferenciadas na súa regulamentación legal: a autorreguladora e a restritiva; consonte a esta segunda, a suspensión de dereitos nos estatutos estaría condicionada pola causas que orixinasen e polos dereitos que poden seren obxecto de suspensión.

Ao cerne da regulamentación da organización xurídica das cooperativas, esto é o do funcionamento dos órganos sociais, adícaselles os capítulos IV e V. A Asemblea Xeral é analizada no primeiro, sendo de sumo interese o prantexamento inicial ao encetar esta temática: o escaso marxe que se deixa para autonomía, a pouca flexibilidade para que pola vía estatutaria poida a cooperativa autorregular estes aspectos organizativos, chamando a atención os autores sobre a conveniencia neste aspecto de responder ás necesidades das PEMES. Tamén, entre outras cuestións, abórdase de *lege ferenda* a dicotomía sistema dualista-sistema monista en canto ao deseño dos controles nas sociedades cooperativas, o que relacionan os autores coa problemática do bo goberno corporativo, facendo fincapé en que esta non é exclusiva das sociedades anónimas, sendo extensibles, algúns dos temas que prantexa, as sociedades que nos ocupan. Despois de tratar puntos de obrigada exposición, relativos a Asemblea Xeral (competencias, clases, convocatoria e funcionamento), introdúcesenos no estudo da problemática do uso de medios electrónicos e telemáticos no desenvolvemento da Asemblea Xeral, chamando a atención sobre un paradoxo que se produce, quizais a causa dun impreciso desenvolvemento lexislativo neste ámbito: as sociedades –segundo os autores da publicación comentada- non utilizarán estes canles tecnolóxicos se non está asegurada a súa viabilidade xurídica: canto mais salientables sexan as consecuencias xurídicas do sua inadecuación, menos serán usados. Polo demais, resulta de grande interese a distinción atinente ás sesións completamente virtuais, interesándose unha inter-

vención legislativa ao respecto (presente xa na lei andaluza) e, por outra parte, as sesións parcialmente virtuais, viables na práctica sempre que haxa unha constitución física nalgures. Pon fin ao capítulo un apartado relativo a impugnación dos acordos sociais.

Finalmente, no derradeiro capítulo contense a análise do Consello Rector e doutros órganos sociais. Os autores parten da idea da necesidade de incorporárense normas dirixidas a conquistar unha mellora das condicións de xestión, mas indo mais alá do seguimento do modelo de xestión concibido para as sociedades anónimas cotizadas. Aínda mais, detectando certa falta de flexibilidade na regulamentación cooperativa, estiman que o axeitado sería o se abrir a estrutura da administración á liberdade de configuración estatutaria, cun amplo marxe de liberdade para os socios.

Ademais de se deter os autores na exposición do nomeamento, organización e funcionamento do Consello Reitor e outro extremos, sinalan, a problemática das retribucións do Consello Reitor, que abala, no plano legal, entre a gratuidade no desenvolvemento do cargo e, pola outra parte, a tendencia actual a recoñece-lo carácter retribuído do cargo, o que é consonte a tendencia profesionalizante da administración societaria e, xa que logo, o rigoroso réxime de responsabilidade. E isto, aparte dunha posíbel relación contractual laboral de alta dirección e conseguinte aplicación da teoría do vencello.

No punto relativo ao réxime de responsabilidade dos administradores, tamén no ámbito de capítulo derradeiro, salientamos a referencia que se fai á introdución nalgunhas leis autonómicas á concurrencia de dolo ou elementos de intencionalidade nos actos dos administradores para a delimitación de responsabilidades, o que deberá concordarse e matizarse coa nova redacción do art. 236.1 da lei de sociedades de capital, modificado pola lei 31/2014, para a mellora do goberno corporativo.

Concluindo: a obra presenta, dentro das súas dimensións, un panorama global do ordenamento xurídico cooperativo, de especial complexidade no sistema legal español pola profusión de leis autonómicas, pero que, precisamente por eso, facendo virtude da necesidade, constitúe unha das calidade mais salientables do libro: a claridade, cun contido basicamente artellado ao redor da lei 27/1999, estatal de cooperativas, pero con referencias constantes ás normativas autonómicas concordantes, recollendo tamén actualizada xurisprudencia, Dereito comparado e doutrina.

Ademais dos aspectos sinalados, que fan desta publicación un libro imprescindible para o estudoso e o profesional, o volume contén numerosas referencias de suma utilidade práctica. Por citar un par de exemplos: a fórmula que se dá para reflectir na acta de asemblea xeral o resumo das intervencións dos asistentes, ou, en relación a operatoria a seguir en orde á inscrición dos acordos sociais no Rexistro de Cooperativas.